



1.- COMPOSICIÓN DAS XUNTAS ELECTORAIS

1.1. Presidente dunha Xunta Electoral de Zona que toma posesión como maxistrado dunha Audiencia Provincial

Segundo unha reiterada doutrina da Xunta Electoral Central sobre a inalterabilidade da composición das xuntas electorais, na medida en que sexa posible, a Xunta Electoral de Galicia entende que un presidente de Xunta Electoral de Zona que toma posesión como maxistrado dunha Audiencia Provincial pode seguir presidindo o dito órgano da Administración electoral ata que termine o proceso electoral en curso, sen prexuízo de que tome posesión da súa praza de maxistrado na dita Audiencia (Ac. do 2 de maio de 2005).

1.2. Toma de posesión do cargo do Xuíz titular do Xulgado de 1ª Instancia

Non cabe alterar a composición das Xuntas Electorais de Zona, unha vez designados os vocais de orixe xudicial, polo feito de ter sido nomeado xuíz titular e desprazar ao que forma parte da Xunta Electoral aínda que fose xuíz substituto.

Polo tanto, a Xunta Electoral de Galicia entende que non se debe alterar a composición das Xuntas Electorais unha vez constituídas, en tanto non perda algún dos seus membros a condición en virtude a cal forma parte da mesma.

En virtude da inamovibilidade, mentres a xuíz substituta designada manteña dita condición, conservará a súa condición de membro da Xunta Electoral de Zona (Ac. do 15 de xuño de 2005)



2.- COMPETENCIAS DAS XUNTA ELECTORAIS

2.1. Competencia en relación cos recursos contra decisións dos medios de comunicación de titularidade pública, ao abeiro do artigo 66 da LOREX

A Xunta Electoral de Galicia entende que o órgano competente para resolver os recursos contra decisións dos medios de comunicación de titularidade pública, nos termos do artigo 66 da LOREX, é da Xunta Electoral Central cando a decisión ou actuación afecte a todo o Estado e non exclusivamente ao ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Ac. do 18 de maio de 2005).

2.2. Órgano competente para autorizar a transmisión en directo de actos electorais o día das eleccións.

A Xunta Electoral de Galicia considera que, o órgano competente para autorizar a transmisión en directo para os informativos dunha cadea de televisión dende os colexios electorais, é o presidente da mesa correspondente, oído o parecer dos membros que compoñen a mesa, segundo se dispón no artigo 91 da LOREG (Ac. do 17 de xuño do 2005)



3.- ENTIDADES POLÍTICAS QUE CONCORREN ÁS ELECCIÓNS

3.1. Denominación e siglas dun partido político que non coinciden coas que figuran no Rexistro de Partidos Políticos

A denominación e siglas dun partido político que se presenta ás eleccións non coinciden cos que figuran no Rexistro de Partidos Políticos. En consecuencia, a Xunta Electoral de Galicia non toma razón da designación de representante xeral feita polo representante legal dun partido que se atopa nesa circunstancia (Ac. do 11 de maio de 2005).

A propósito da denominación en galego do partido na documentación que se presente, a Xunta Electoral de Galicia sinala que os partidos políticos só poderán concorrer ás eleccións ao Parlamento de Galicia coa denominación e as siglas que figuren no Rexistro de Partidos Políticos, sen prexuízo do seu dereito a instar a modificación no dito rexistro da súa denominación, de acordo cos estatutos que teñan aprobados e nos termos establecidos na lexislación aplicable (Ac. do 18 de maio de 2005).



4.- REPRESENTANTES ELECTORAIS

4.1. Prazo de designación dos representantes xerais das entidades políticas

Sobre a designación extemporánea do representante xeral dunha entidade política, tanto o Tribunal Constitucional na súa sentenza 76/1987, do 25 de marzo, como a Xunta Electoral Central, amosan unha posición favorable á súa admisión se ben esa acreditación tardía non pode levar a retrotraer as actuacións que debían terse realizado no prazo concluído pero si exercer aqueles actos que sexan aínda legalmente posibles (Acs. do 5 e 11 de maio de 2005).

4.2. Remisión dos documentos orixinais de designación

A Xunta Electoral Central ten reiterado que a designación de representantes electorais pode facerse ante a xunta electoral competente mediante fax, se ben é preciso remitir o documento orixinal (Ac. do 11 de maio de 2005).

4.3. Acreditación de representantes

Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 28 de xaneiro de 2009, de unificación de criterios interpretativos da xuntas electorais provinciais no que respecta ao nomeamento de representantes nas xuntas electorais de zona

A Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia (LEPG) dispón que as entidades políticas que pretendan concorrer ás eleccións autonómicas deberán designar un representante xeral quen, a súa vez, designará representantes de candidaturas que deberán presentarse persoalmente perante as respectivas xuntas electorais provinciais para aceptar a súa designación (artigo 20). Porén, non prevé unha designación de representantes nas xuntas electorais de zona.

As xuntas electorais provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra aceptaron o nomeamento de representantes nas xuntas electorais de zona. Pola contra a de Coruña non por entender que a normativa electoral só prevé esa designación nas eleccións locais (artigo 186 LOREX), polo que non procede facelo nas autonómicas galegas.

O citado artigo 186 da LOREX prescribe que os representantes xerais designan aos representantes das candidaturas que o partido, federación ou coalición presente en cada municipio. Estes representantes deberán persoarse ante as respectivas xuntas electorais de zona para aceptar a súa designación.

Co fin de unificar os criterios interpretativos sobre esta cuestión, a Xunta Electoral de Galicia, ao abeiro do establecido no artigo 18.d) da LEPG, adopta o seguinte

ACORDO

O artigo 186 da LOREX está incluído no título III da citada norma que contén as disposicións especiais para as eleccións municipais polo que non é aplicable ás eleccións ao Parlamento de Galicia. Consecuentemente, as xuntas electorais provinciais durante un proceso de eleccións autonómicas non están legalmente obrigadas a tomar coñecemento dos nomeamentos de representantes perante as xuntas electorais de zona. Porén, co obxecto de facilitar a realización de trámites que teñen que efectuarse nestes órganos da administración electoral e dado que a finalidade das representacións é precisamente facer máis eficiente e eficaz a actuación da entidade política que se presenta a unhas eleccións, as xuntas electorais provinciais poderán recoñecer os nomeamentos de representantes nas xuntas electorais de zona.



ACORDOS

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

5.- ESPAZOS GRAUÍTOS DE PROPAGANDA ELECTORAL

5.1. Criterios xerais de reparto dos espazos grauítos de propaganda electoral

Os criterios xerais legais de distribución dos espazos grauítos de propaganda electoral nos medios de comunicación de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia (CRTVG), son os de proporcionalidade–en función do número total de votos obtidos polas entidades políticas nas pasadas eleccións–, e de preferencia. Os criterios específicos determinaranse en atención ao número de espazos ofrecido polos medios de comunicación (Ac. do 11 de maio de 2005).



ACORDOS

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

6.- MODELO DE DOCUMENTACIÓN ELECTORAL

6.1. Aprobación dos modelos de actas de constitución de mesas electorais, de escrutinio, de sesión, de escrutinio xeral e de proclamación de electos

Malia o disposto no artigo 18 e) da LEPG, a competencia é da Xunta Electoral Central (artigo 19.1.g) en relación coa disposición adicional primeira.2 da LOREX). Por esta razón, a Xunta Electoral de Galicia toma coñecemento da remisión dos modelos de actas realizada pola Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias da Xunta de Galicia á Xunta Electoral Central (Ac. do 11 de maio de 2005).



ACORDOS

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

7.- DENUNCIAS E RECURSOS

7.1. Recurso interposto fóra do prazo establecido para a súa presentación

A Xunta Electoral, malia que se trata dun recurso a resolver pola Xunta Electoral Central, emite un informe desfavorable á súa admisión por ter sido formalizado fóra do prazo de caducidade establecido no apartado terceiro da Instrución da Xunta Electoral Central do 13 de setembro de 2005 ditada en desenvolvemento do artigo 66 da LOREX, sobre procedemento dos recursos contra actos dos medios de comunicación de titularidade pública en período electoral (Ac. do 18 de maio de 2005).



8.- CAMPAÑA ELECTORAL

8.1. Folga dos empregados da CRTVG convocada durante a campaña electoral

Ante o anuncio dunha convocatoria de folga dos empregados da CRTVG que afectaría a algúns dos días da campaña electoral, a Xunta Electoral de Galicia recórdalle á dirección da dita entidade que se deben adoptar as medidas necesarias para que a información do seguimento do proceso electoral e a emisión dos espazos gratuítos se realicen de xeito normal, debéndose establecer os servizos mínimos que garantan estas emisións dentro dun servizo público esencial en relación con esta fase do proceso electoral autonómico (Ac. do 18 de maio de 2005).

8.2. Folga dos empregados da CRTVG durante a campaña electoral

En relación coa comunicación que a XEG dirixiu á dirección xeral da CRTVG, a propósito do anuncio dunha folga dos empregados da dita entidade que afectaría algúns dos días da campaña electoral, o dito órgano lembra a doutrina da XEC verbo da necesidade de adopción das medidas precisas para o establecemento de servizos mínimos. A XEG considera esencial o servizo que presta a CRTVG durante un proceso electoral (Ac. do 25 de maio de 2005).

8.3. Garantía na utilización dos espazos gratuítos de propaganda electoral polas entidades políticas

A XEG é competente para garantir o dereito ao uso gratuíto de espazos electorais nos medios de comunicación de titularidade pública e, en xeral, para garantir o exercicio das liberdades públicas durante un proceso electoral

Esta garantía ten unha dobre vertente: a primeira é que as emisoras de televisión e radio de titularidade pública poidan emitir na súa programación os espazos aos que teñen dereito as entidades políticas que concorren ás eleccións. A segunda vertente ten natureza constitucional: permitir que os candidatos poidan dar a coñecer o programa electoral da entidade política pola que compiten electoralmente e, deste xeito, facilitar o seu acceso a un cargo público representativo (Ac. do 25 de maio de 2005).



9.- VOTACIÓN

9.1. Proba de voto electrónico

Ante a solicitude da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para poder levar a cabo unha proba de voto electrónico, a Xunta Electoral de Galicia entende que a utilización de novas tecnoloxías no actual proceso electoral ofrece máis inconvenientes que vantaxes. Neste senso, semella oportuno que as probas experimentais de votación electrónica programadas se realicen o día da votación, logo que o elector emita o seu voto na correspondente mesa electoral. En todo caso, non debe permitirse a súa utilización o día de reflexión do proceso electoral e debe limitarse ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia (Ac. do 18 de maio de 2005).

9.2. Custodia das sacas dos votos emitidos polos inscritos no Censo de Electores Residentes Ausentes

A Xunta de Galicia, mediante norma de rango axeitado, pode adoptar as medidas que estime oportunas para custodiar as sacas dos servizos de correos estranxeiros que conteñan o voto dos inscritos no Censo de Electores Residentes Ausentes. No suposto de que tome algunha decisión ao respecto, deberá comunicalo á Xunta Electoral Central para a súa autorización, por exceder a proposta do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia (Ac. do 18 de maio de 2005).

9.3. Interventores

Ante a consulta formulada por unha Xunta Electoral de Zona, sobre a mesa na que pode votar un interventor, cando a folla talón do mesmo non se atopa en poder da mesa na que intervén, pero si forma parte dela ao ter aportado a súa credencial persoal.

Visto o disposto nos artigos 79.1, 82.3 e 88.3 da LOREG e 33 da Lei autonómica 8/85, de 13 de Agosto de eleccións ao Parlamento de Galicia, esta Xunta Electoral entende:

Primeiro .- De non existir folla talonaria na mesa electoral na que o interventor figura como censado, este debe votar nela por aplicación do disposto no artigo 33 da Lei autonómica.

Segundo.- De non existir folla talonaria, nin na mesa electoral na que figura censado nin naquela outra na que exerce as súas funcións en virtude da credencial aportada, o interventor ten dereito a votar na mesa na que está acreditada como tal e asinar as correspondentes listas electorais, achegando a credencial correspondente ao expediente electoral, unha vez finalice o escrutinio.
(Ac. do 19 de xuño de 2005)

9.4. Votos emitidos polos electores do CERA

Formulada consulta pola Xunta Electoral Provincial de Ourense sobre a validez dos votos en cuxo sobre aparezan os datos do votante, a Xunta Electoral de Galicia, vistos os acordos adoptados pola Xunta Electoral Central (acordos do 3, 5 e 6 de xuño de 2003), acorda que deben computarse os devanditos votos, subliñando que as Xuntas Electorais Provinciais son as únicas competentes para realizar e resolver as reclamacións que sobre o escrutinio se formulen. (Ac. do 27 de xuño de 2005).



ACORDOS

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

10.- PAPELETAS DE VOTACIÓN

10.1. Invalidez das papeletas que teñan tachaduras

Ante a consulta da Xunta Electoral Provincial de Ourense sobre a validez das papeletas do Partido Popular na que figure tachado o nome do candidato número 1 que presentara a súa renuncia, a Xunta Electoral de Galicia resolve lembrando que nas eleccións ao Parlamento de Galicia, as papeletas de votación incorporan listas pechadas e bloqueadas (artigo 32 LEPG). O principio de inalterabilidade da lista electoral foi confirmado nunha consolidade xurisprudencia constitucional (SSTC 167 a 170/2007) e tamén na Instrución 12/2007, do 25 de outubro, da Xunta Electoral Central. Tendo en conta esta doutrina, deberá considerarse como voto nulo o emitido nunha papeleta que presente calquera alteración, ben porque se modificase, engadise, sinalase ou tachase o nome dun candidato o a denominación, as siglas ou o símbolo da candidatura, ou alterado a orde da candidatura, ben porque se inclúan aspas, cruces, raias, expresións ou lemas, no anverso ou reverso da papeleta, ou porque a papeleta estea rota ou rachada.

Resultaría aplicable a este respecto a Instrución 12/2007, do 25 de outubro, da Xunta Electoral Central, cuxa copia se achega, sen prexuízo das competencias atribuídas ás Xuntas Electorais Provinciais. (Ac. Do 11 de febreiro de 2009).



ACORDOS

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

11.- MEDIOS DE COMUNICACIÓN

11.1. Dereito de rectificación en relación cunha noticia xornalística referida a un acordo da XEG

Polo que respecta á petición dirixida á XEG para que esta lle demande a un xornal a rectificación dunha noticia, este órgano lembra a doutrina da XEC no senso de que o exercicio do dereito de rectificación non lle compete á Administración electoral en relación coas inexactitudes dos feitos que se recollan nos medios informativos. Quen se considere prexudicado, ten dereito a pedir a rectificación, ao abeiro da Lei orgánica 2/1984, de 26 de marzo (Ac. do 25 de maio de 2005).